



## PROPOSTA DE PROCEDIMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DA REORDENACIÓN DE EFECTIVOS DAS OFICINAS DE XUSTIZA, OFICINAS XERAIS DO REXISTRO CIVIL E OFICINAS DE XUSTIZA DO MUNICIPIO DA FASE I

O 1 de xullo de 2025 entrarán en funcionamento as oficinas de xustiza, oficinas xerais do rexistro civil e oficinas de xustiza do municipio da fase I. Unha vez aprobadas as relacións de postos de traballo de cada unha das oficinas, procede a reordenación do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia destinado en ditos centros.

### 1. NORMATIVA APLICABLE

Para este proceso é de aplicación o disposto na disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 xullo, do poder xudicial, na redacción dada polo artigo segundo da Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, complementaria da Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Así mesmo foi tido en conta o disposto na seguinte normativa: Real Decreto 249/1996, do 16 de febreiro e o Real Decreto 1451/2005, do 7 de decembro, na súa redacción actual, dado que a modificación prevista non foi aprobada a data da elaboración do presente documento.

### 2. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO. PERSOAS CON DESTINO DEFINITIVO OU CON RESERVA DE PRAZA

O proceso de reordenación da fase I seguirá a seguinte orde:

- A. Provisión de postos de traballo polo procedemento de **confirmación**.
- B. Identificación de postos de traballo que non se cubriron na fase anterior, que serán provistos polo procedemento de **reordenación de efectivos**.
- C. Provisión dos postos de traballo que non se cubriron nas fases anteriores, que serán provistos por **reassignación forzosa**.



O proceso de adxudicación de postos de traballo seguirá a orde sucesiva de fases establecido, de forma que a obtención dun posto tras a resolución dunha fase exclúe a participación nas demais.

**A adscrición a postos de traballo polos procedementos de confirmación, reordenación e reasignación forzosa considerarase realizada con carácter non voluntario.** Nos casos de confirmación e reordenación, o cómputo do tempo de antigüidade no novo destino iniciárase desde a data da resolución pola que se accedeu ao seu destino de procedencia, tanto se se trata de persoal de novo ingreso como de concurso de traslado.

#### **A. CONFIRMACIÓN NO POSTO**

A Administración adxudicará de oficio os postos de traballo dos centros de destino cuxas funcións e competencias teñan carácter de continuidade na nova estrutura organizativa que se despregue **se existe un número igual ou menor de funcionarios destinados** en postos de orixe que poidan ser axustados en postos de traballo da correspondente unidade organizativa da nova estrutura.

No caso de que o **número de efectivos do persoal actual exceda das dotacións** previstas nas relacións de postos de traballo da nova organización, terán preferencia para ser confirmados as funcionarias e os funcionarios de cada colectivo con maior antigüidade no posto de similar contido ao que debe ser provisto polo procedemento de confirmación.

Se os funcionarios ou funcionarias con maior antigüidade no posto de orixe non optasen por confirmarse nestes postos serán confirmados os funcionarios ou funcionarias de menor antigüidade no posto de similar contido ao que debe ser provisto polo sistema de confirmación ata completar o número total de postos a confirmar por cada colectivo.

Se o complemento específico do posto adxudicado fora inferior ao que viña percibindo, manterá as retribucións complementarias fixas mentres non cambie de posto de traballo de forma voluntaria.

Así, nesta primeira fase:



- **Persoal dos xulgados de paz:** será confirmado de oficio de forma automática no novo posto correspondente das oficinas de xustiza do municipio. A estes efectos, enviarase a cada persoa funcionaria o acordo de confirmación no posto.
  - **Persoal dos decanatos e dos xulgados de primeira instancia e instrución** (agás o persoal funcionario dos corpos de xestión procesual e administrativa e de tramitación procesual e administrativa dos xulgados con competencia en Rexistro Civil): será confirmado de oficio de forma automática no servizo común de tramitación da localidade. A estes efectos, enviarase a cada persoa funcionaria o acordo de confirmación no posto correspondente.
  - **Persoal dos corpos de xestión procesual e administrativa e de tramitación procesual e administrativa dos xulgados con competencia en materia de Rexistro Civil:** confirmarase nas oficinas xerais de rexistro civil de oficio de forma automática ao persoal que na actualidade este desempeñando esas funcións. O resto do persoal do mesmo corpo será confirmado no servizo común de tramitación. A estes efectos, enviarase a cada persoa funcionaria o acordo de confirmación no posto correspondente.
- Para o caso de que que non poida ser confirmada ningunha persoa funcionaria seguirase o establecido nos seguintes apartados.

## **B. REORDENACIÓN DE EFECTIVOS**

Mediante a reordenación de efectivos cubriranse os postos que non se cubriron na fase anterior. En concreto, afectará aos postos de xestión e de tramitación procesual dos xulgados con competencia en materia de Rexistro Civil, cando non se poidan cubrir previamente mediante confirmación.

Ofertaranse os postos da oficina xeral do rexistro civil e do servizo común de tramitación correspondentes ao seu órgano de orixe, que se adxudicarán tendo en conta a maior antigüidade no posto de orixe e en caso de empate a antigüidade no corpo. No caso de que teñan a mesma antigüidade no corpo, acudirase ao escalafón.



### **C. REASIGNACIÓN FORZOSA**

Mediante a reasignación forzosa cubriranse os postos que quedasen vacantes tras a resolución dos procedementos anteriores. En concreto, afectará aos postos non cubertos mediante confirmación nin reordenación.

Realizarase a reasignación forzosa mediante a adxudicación definitiva dos postos incluídos nas relacións de postos de traballo e non cubertos, tendo en conta a maior antigüidade no posto de orixe e en caso de empate a antigüidade no corpo. No caso de que teñan a mesma antigüidade no corpo, acudirase ao escalafón.

### **3. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO. PERSOAL EN ADSCRICIÓN PROVISIONAL, COMISIÓN DE SERVIZOS, SUBSTITUCIÓNS E PERSOAL INTERINO**

Ao persoal que se atope en situación de adscrición provisional (como persoas que reingresaran despois de ser nomeadas letrados/as substitutos/as) enviaráselle un novo acordo de adscrición provisional nun posto equivalente.

No proceso de reordenación previsto, co obxecto de garantir a continuidade do servizo, manteranse as comisións de servizo e substitucións así como ao persoal interino que cubre postos nas unidades afectadas, sen prexuízo de que lles corresponda cesar polas causas previstas na normativa vixente.

No caso de cobertura de postos doutra persoa funcionaria, serán asignados ao mesmo posto adxudicado á dita persoa.

No caso da cobertura de prazas vacantes, serán asignados ás prazas non cubertas por persoal con destino definitivo ou por persoal en adscrición provisional, correspondentes ao órgano no cal estaba prestando os seus servizos.